

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 18-06-2026, ditou a resolución con número 1758/2026 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación das listaxes de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas como persoal funcionario interino, do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO LUBIÁNS II"

EXPEDIENTE: 2026/E001/000012

Antecedentes

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm.1496/2026 do 29/05/2026 aprobáronse as bases xerais reguladoras da convocatoria pública e do proceso de selección para a provisión como persoal funcionario interino do persoal directivo, docente e persoal de apoio para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego obradoiro lubiáns II para impartir as accións formativas seguintes:

- MAMB0210.- Montaxe e instalación de construcións de madeira (12 alumnos/as traballadores/as)
- SSCS0208.- Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (8 alumnos/as traballadores/as)

Publicouse anuncio da convocatoria do proceso selectivo no BOP núm. 102 do 02/06/2026.

Segundo.- Finalizado o proceso selectivo, o órgano de selección, na sesión celebrada o día 15 de xuño de 2026, aprobou a acta final do procedemento, facendo públicas as puntuacións definitivas obtidas polas persoas aspirantes nas distintas accións formativas, así como a relación destas por orde decrecente da puntuación total acadada.

Na mesma acta, o órgano de selección formulou a correspondente proposta de contratación das persoas aspirantes seleccionadas e aprobou a proposta de constitución da lista de substitución, que queda configurada do seguinte xeito:

PROPOSTA DE LISTAXE DE SUBSTITUCIÓN

DIRECTORA – TITORA: Non existen persoas que superasen o proceso, ademais da proposta para contratación.

MESTRE MAMB0210: Fabián Lage Barca.

MESTRA SSCS0208: Non existen persoas que superasen o proceso, ademais da proposta para contratación.

OFICIAL COLOCADOR DE MADEIRA: Non existen persoas que superasen o proceso, ademais da proposta para contratación.

AUXILIAR ADMINISTRATIVO: Alejandro José Villar Aldao.

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a creación das **listaxes de agarda** de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de prazas de persoal directivo, docente e persoal de apoio para o Obradoiro Dual Lubiáns II que se desenvolvan no Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo.

PROPOSTA DE LISTAXE DE SUBSTITUCIÓNS

- DIRECTORA - TITORA: Non existen persoas que superasen o proceso, ademais da proposta para contratación.
- MESTRE MAMB0210: Fabián Lage Barca.
- MESTRA SSCS0208: Non existen persoas que superasen o proceso, ademais da proposta para contratación.
- OFICIAL COLOCADOR DE MADEIRA: Non existen persoas que superasen o proceso, ademais da proposta para contratación.
- AUXILIAR ADMINISTRATIVO: Alejandro José Villar Aldao.

Segundo.- Estas listaxes de agarda de persoal funcionario interino terán unha vixencia de nove (9) meses, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal, que poñan fin a vixencia da mesma.

Así mesmo, a vixencia das listaxes poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

Terceiro.- A xestión desta listaxe de agarda de persoal funcionario interino axustarase ao disposto na Instrución reguladora de listaxes de agarda para o nomeamento de persoal funcionario interino e a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Carballo que estea vixente no momento en que se realice o chamamento da persoa aspirante.

Cuarto.- Publíquese a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello aos efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos, e con carácter complementario, na páxina web municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses (contados desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o Alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales